

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2021/G003/004185

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN

Asunto: NOMEAMENTO DE SONIA MARIA ANIDO GÓMEZ COMO TECNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Na Casa do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretario Xeral, José María Vázquez Pita, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Novo Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e,

De conformidade ao establecido na convocatoria e bases reguladoras aprobadas por Decreto número 2237/2020 de 1 de outubro de 2020, para cobertura en propiedade de tres prazas de Técnico/a de Administración Xeral, persoal funcionario de carreira, a través do procedemento de concurso-oposición, e publicado no BOP de A Coruña nº 171, de 14 de outubro de 2020 e,

Segundo a proposta do Tribunal designado para este proceso selectivo, elevada a esta Alcaldía-Presidencia con data 14 de setembro de 2021 e,

Visto o Decreto nº 3301/2021 de data 08/11/2021 polo que se nomea a Dna. Virginia Pérez Torres, Técnica de Administración Xeral adscrita a urbanismo e,

Visto o Decreto nº 3506/2021 de data 22/11/2021 polo que se nomea a Dna. María Fernanda Montero Carre, Técnica de Administración Xeral adscrita a contratación, Bens e Patrimonio e Responsabilidade Patrimonial

RESOLVO

PRIMEIRO.- Proceder ao nomeamento de Dna. Sonia María Anido Gómez, con DNI: 32.826.397-S, en réxime de funcionaria de carreira, do posto de Técnica de Administración Xeral adscrita a Obras e Servizos, con data de efecto do vindeiro 1 de xaneiro de 2022.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao departamento de Persoal para que procedan segundo os trámites oportunos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)